
MANUAL DE USO

Unha vez que o teu profesor che proporcione o nome de usuario e contrasinal que che permita o acceso á aula virtual que aloxa este curso, atoparás cinco unidades didácticas organizadas do seguinte xeito:

1. **Archivo PDF:** recóllense en formato PDF os contidos das unidades didácticas coa posibilidade de imprimilas e cun índice que che permitirá acceder dun xeito rápido á información que necesites para a resolución de cada actividade.
2. **Páxina WEB:** atoparás os mesmos contidos do formato PDF pero cunha diferente organización que coñecerás a través do menú despregable. En cada páxina WEB o primeiro que atoparás será unha lista das palabras e expresións e facendo un clic nelas chegarás ao significado e á orixe da palabra. As bandeiras que aparecen nas páxinas levarante á lingua na que desexes facer a consulta.

Cada unidade didáctica conta con distintos tipos de actividades:

- **Interactivas:** permitiranche coñecer a túa puntuación cada vez que finalices a actividade e repetilas as veces que desexes, son do tipo de selección múltiple, verdadeiro e falso, depregables, lectura e comprensión de textos, encher ocos, encrucillados, emparellamento etc. Estas actividades están agrupadas no menú despregable baixo o enunciado de ACTIVIDADES e HOT POTATOES.
 - **Traballos:** a partir dos artigos da internet e o guión que che propoñemos deberás elaborar breves traballos para serán entregados en documento WORD.
 - **Caderno:** actividades que o teu profesor che entregará impresas e que deberás adxuntar ao teu caderno unha vez resoltas.
 - **Galería de imaxes:** recolle as imaxes que aparecen nas actividades cun pequeno comentario.
3. **Actividades de reforzo:** se consideras que debes reforzar os teus coñecementos tes a posibilidade de facer máis actividades interactivas de cada unidade.
 4. **Actividades de ampliación e autoavaliación:** serie de actividades interactivas sobre as imaxes agrupadas nas galerías de imaxes.

